

Expediente núm.: 3073/2021

Resolución con número e data establecidos á marxe.

Procedemento: Selección en réxime de interinidade dunha persoa coordinadora técnica dunha persoa técnica prospetora orientadora para a execución do “Plan Integrado de Emprego do Concello de Salceda de Caselas – Salceda Emprego – para o ano 2021-2022”

Asunto: Corrección de erros.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 2021-1605 aprobáronse as bases reguladoras e convocar as probas selectivas para a cobertura interina dunha persoa coordinadora técnica dunha persoa técnica prospetora orientadora, con carácter temporal e non permanente, para a realización das actividades de execución do “Programa Integrado de Emprego do Concello de Salceda de Caselas – Salceda Emprego 2021-2022”, definido aoabeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 7 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021.

Visto que Con data 14.12.20214, foi remitido anuncio da convocatoria ao Boletín Oficial da Provincia, resultando publicado con data 17.12.2021 no BOPPO núm. 243 e sendo publicadas as bases íntegras no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e na web municipal na mesma data.

Advertido erro no texto das bases da convocatoria publicadas na sede electrónica e web do Concello, concretamente nas retribucións indicadas no apartado Primeiro punto 2 das sinaladas bases, por existir unha contradición entre letra e número.

Visto o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

De conformidadeco artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Rectificar o erro material advertido nas bases reguladoras da convocatoria das probas selectivas para a cobertura interina dunha persoa coordinadora técnica dunha persoa técnica prospetora orientadora, con carácter temporal e non permanente, para a realización das actividades de execución do “Programa Integrado

de Emprego do Concello de Salceda de Caselas – Salceda Emprego 2021-2022”, de forma que onde di:

2.- As características dos postos son as seguintes:

Denominación: *Persoa Coordinadora Técnica*

(...)

Retribucións: Mil novecientos cincuenta e nove euros con trinta céntimos (2.059,53€) brutos mensuais, incluíndo as pagas extras prorrateadas.

Denominación: *Persoa Técnica Prospectora e orientadora laboral*

(...)

Retribucións: Mil novecientos cincuenta e nove euros con trinta céntimos (2.029,53€) brutos mensuais, incluíndo as pagas extras prorrateadas.

Debe dicir:

2.- As características dos postos son as seguintes:

Denominación: *Persoa Coordinadora Técnica*

(...)

Retribucións: Dous mil cincuenta e nove euros con cincuenta e tres céntimos (2.059,53€) brutos mensuais, incluíndo as pagas extras prorrateadas.

Denominación: *Persoa Técnica Prospectora e orientadora laboral*

(...)

Retribucións: Dous mil cincuenta e nove euros con cincuenta e tres céntimos (2.059,53€) brutos mensuais, incluíndo as pagas extras prorrateadas.

SEGUNDO. Publicar a rectificación do erro advertido no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/>) e con carácter complementario na páxina web do concello (<http://salcedadecaselas.gal/>).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

